



**CONVOCATORIAS**  
**UNIÓN EUROPEA**

**SETEMBRO 2011**



## INDICE

- ★ [Educación, Formación, Xuventude](#)
- ★ [Emprego e Asuntos Sociais](#)
- ★ [Empresa e Industria - PEME](#)



## ★ EDUCACIÓN, FORMACIÓN, XUVENTUDE



### CONVOCATORIA DE PROPOSTAS — EACEA/29/11 MEDIA 2007: Festivais Audiovisuais

- **Descrición:** O presente anuncio de convocatoria de propostas baséase na Decisión nº1718/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de novembro de 2006, relativa á aplicación dun programa de apoio ao sector audiovisual europeo (MEDIA 2007).
- **Obxectivos:** Entre os obxectivos da citada Decisión do Consello atópanse os seguintes:

**Facilitar e fomentar a promoción e a circulación das obras audiovisuais e cinematográficas europeas** en actos comerciais, en mercados profesionais e en festivais audiovisuais dentro e fóra de Europa, dado que os devanditos actos poden desempeñar un papel importante para a promoción das obras europeas e a interconexión dos profesionais,

**Mellorar o acceso do público europeo e internacional** ás obras audiovisuais europeas.

- **Solicitantes:** O presente anuncio está destinado aos organismos europeos establecidos nun dos Estados membros da Unión Europea, nun dos países do Espazo Económico Europeo que participan no programa MEDIA 2007 (Islandia, Liechtenstein, Noruega), así como Suíza e Croacia.

Os devanditos organismos europeos deben pór en marcha festivais audiovisuais cuxas actividades contribúan á realización dos obxectivos mencionados anteriormente e en cuxa programación total se exhiba, como mínimo, un 70 % de obras europeas procedentes de polo menos dez dos países que participan no programa MEDIA.



- **Financiamento:** O orzamento total estimado destinado ao cofinanciamento de proxectos ascende a **1 600 000 EUR** (a reserva da adopción do orzamento do ano 2012).

A axuda financeira da Comisión non poderá ser superior ao 50 % do total dos custos admisibles. **O importe máximo de subvención será de 75 000 EUR.** A Axencia resérvase a posibilidade de non asignar todos os fondos dispoñibles.

- **Prazo:**

o **31 de outubro de 2011** para os proxectos iniciados entre o **1 de maio de 2012** e o **31 de outubro de 2012**,

o **30 de abril de 2012** para os proxectos iniciados entre o **1 de novembro de 2012** e o **30 de abril de 2013**.

- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

**Enderezo para o envío postal ou por servizo de mensaxería**

Education, Audiovisual and Culture Executive Agency (EACEA)  
Unit MEDIA Programme — P8  
Call for proposals EACEA/29/11 — Festivals  
Mr Constantin DASKALAKIS  
BOUR 04/61  
Avenue du Bourget/Bourgetlaan 1  
1140 Bruxelles/Brussel  
BELGIQUE/BELGIË

**Non se aceptarán as solicitudes presentadas por fax ou correo electrónico.**

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a [EACEA-P8@ec.europa.eu](mailto:EACEA-P8@ec.europa.eu)
- **Punto de información nacional :** [www.mediaeusk.eu](http://www.mediaeusk.eu)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 274/06](#) do 19.09.2011



- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Media 2007](#)

## Convocatoria de propostas — EACEA/28/11 Acción 4.1 — Apoio a organismos activos a nivel europeo no ámbito da xuventude

- **Descrición:** O obxecto desta convocatoria é proporcionar **apoio estrutural, denominado «subvención de funcionamento», a organismos activos en Europa no ámbito da xuventude**, e que teñan un obxectivo de interese xeral europeo.

O obxectivo é asistir a organismos que, mediante as súas actividades permanentes, habituais e periódicas, contribúan á consecución dos obxectivos do programa «A Xuventude en Acción».

Estas actividades deben contribuír a animar aos mozos a participar como cidadáns na vida pública, na sociedade e no desenvolvemento e aplicación das accións de cooperación europeas no ámbito da xuventude no seu sentido amplo.

- **Obxectivos:** A presente convocatoria de propostas ten por obxecto a selección de organizacións para a subscripción de convenios relativos a subvencións de funcionamento anual que comprendan o exercicio orzamentario de 2012. Non atingue ás organizacións que subscriban un acordo marco de asociación coa Axencia Executiva para o período 2011-2013.
- **Solicitantes:** Esta convocatoria está aberta á participación de:

### 1) Organizacións non gobernamentais europeas:

a) organizacións europeas «paraugas» con filiais en polo menos 8 países elixibles;

b) redes europeas de carácter formal que teñan organizacións membro formalmente constituídas en polo menos 8 países elixibles.

**2) Redes europeas informais** — compostas de organizacións independentes entre si e con actividade en polo menos 8 países elixibles. Para poder optar a unha subvención de funcionamento, o organismo candidato deberá satisfacer as esixencias seguintes:

— non ter ánimo de lucro,

— ser de carácter non governamental,



- estar legalmente rexistrado durante polo menos 1 ano nun país elixible na data da presentación das solicitudes,
- ser unha organización xuvenil ou un organismo con obxectivos máis amplos, pero cuxas actividades estean en parte destinadas aos mozos,
- implicar aos mozos na xestión de actividades desenvolvidas ao seu favor,
- que polo menos un dos membros do seu persoal sexa permanente (remunerado ou non). Concederanse excepcións a aqueles organismos que nunca se beneficiaron de subvencións en concepto desta acción e teñan previsto empregar a unha persoa con carácter permanente no caso de que se conceda a subvención.

Serán elixibles os **organismos establecidos nun dos países** seguintes:

- os Estados membros da Unión Europea,
  - os países membros da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC): Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suíza,
  - os países candidatos á adhesión á Unión Europea beneficiarios dunha estratexia de preadhesión: Croacia e Turquía,
  - os países dos Balcáns occidentais: Albania, Bosnia e Herzegovina, a antiga República Iugoslava de Macedonia, Kósovo, Montenegro e Serbia,
  - os seguintes países de Europa oriental: Belarús, Moldova, Federación Rusa e Ucraína.
- **Financiamento:** O **orçamento total** destinado a cofinanciar o funcionamento dos organismos activos en Europa no ámbito da mocidade no marco da actual Convocatoria de Propostas ascende a **800 000 EUR**.

A contribución financeira con cargo ao orzamento da Unión non poderá exceder o 80 % dos gastos provisionais [para os solicitantes que utilicen o cálculo da subvención baseado no orzamento, a contribución será do 80 % dos gastos elixibles].

O importe **máximo da subvención comunitaria por organismo** será de **35 000 EUR** para un convenio anual.

A Axencia resérvase o dereito a non asignar todos os fondos dispoñibles.



- **Prazo:** O formulario de solicitude electrónica debidamente completado debe ser enviado antes das 12.00 CEST (mediodía) do 15 de novembro de 2011. A versión en papel deberá remitirse antes do 15 de novembro de 2011.
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

**Enderezo para o envío postal ou por servizo de mensaxería**

Axencia Executiva para a Educación, o Sector Audiovisual e a Cultura  
Youth Unit (P6) — Grant application — Action 4.1 — 2012  
BOUR 4/029  
Avenue du Bourget/Bourgetlaan 1  
1140 Bruxelles/BrusselBELGIQUE/BELGIË

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a [eacea-p6@ec.europa.eu](mailto:eacea-p6@ec.europa.eu)
- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 270/04](#) do 13.09.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Xuventude en Acción](#)



## ★ EMPREGO E ASUNTOS SOCIAIS



### Convocatoria de propostas- VP/2011/006: Acción preparatoria "O teu primeiro traballo EURES"

- **Descrición:** Un dos efectos da actual crise económica en Europa son as dificultades coas que se atopa a mocidade á hora de atopar emprego, á vista do descenso das oportunidades laborais para os mozos e mozas na metade dos Estados membros da UE.

Con esta nova acción preparatoria **preténdese mellorar a mobilidade laboral dos mozos e mozas en toda Europa**, compaxinando as vacantes existentes nas empresas europeas e a procura de emprego dos mozos europeos.

Pretende **axudar aos mozos que buscan emprego a atopar traballo en calquera dos 27 Estados membros**, e axudar ás empresas a atopar traballadores procedentes de calquera dos Estados membros para cubrir as súas vacantes.

"O teu primeiro traballo EURES" non se ocupará da mobilidade laboral como un fin en si mesmo, senón máis ben como un instrumento para impulsar o desenvolvemento económico e mellorar as taxas de emprego e a empregabilidade da mocidade traballadora.

- **Obxectivos:** A presente convocatoria de propostas **leva a cabo para a selección e financiamento dun máximo de catro entidades do sector público ou privado que presten servizos de emprego** (de maneira independente ou en organizacións ou asociacións) dos Estados membros da UE para implementar a acción preparatoria "O teu primeiro traballo EURES".

Esta acción preparatoria **proporcionará asesoramento na procura de emprego por parte dos mozos e mozas no recrutamento polas empresas**, dará apoio financeiro aos mozos demandantes de emprego e os que queiran



cambiar de traballo de idades comprendidas entre 18 a 30 anos dispostos a traballar noutro Estado membro da UE e ás empresas (en particular a PEME) para a contratación de mozos traballadores europeos.

- **Solicitantes:** Os destinatarios desta convocatoria son as entidades públicas, privadas ou do terceiro sector cuxa función principal sexa a prestación de servizos de emprego para todo tipo de traballadores e empresas de todos os sectores económicos, legalmente establecidas nalgún dos 27 Estados membros da UE, teñan ou non ánimo de lucro.

Ademais deben ter unha dimensión significativa, é dicir, ter presenza internacional ou traballar en coordinación con outras entidades de servizos de emprego establecidas na UE, e poidan acreditar a súa capacidade de prestar estes servizos para a procura transnacional de emprego.

As organizacións asociadas poderán ser do mesmo país ou de diferentes Estados membros, a condición de que poidan garantir unha oferta de servizos transnacionais. No caso dunha asociación de entidades, a solicitude deberá ser presentada por unha das organizacións individuais, que será a que asine o acordo de subvención coa Comisión Europea, a que a recibirá e xestionará e a que será responsable para a execución e presentación de informes á Comisión sobre o progreso da acción preparatoria.

- **Financiamento:** A contribución financeira da UE non excederá do 95% do total dos custos elixibles das actividades propostas. A Comisión Europea ten previsto financiar un **máximo de 4 proxectos**, polo que o máximo para cada un será de 1.000.000 EUR. O orzamento total da convocatoria é de **4.000.000 EUR**.
- **Prazo: 20 de outubro de 2011.**
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

**Enderezo para o envío postal ou por servizo de mensaxería**

European Commission Employment,  
Social Affairs and Inclusion DG  
Unit C.4-Employment Services, EURES – Call for proposals VP/2011/006  
Archives-Courier service J27 0/115  
B-1049 Brussels (Belgium)

**Prazo para a entrega en man (só ata as  
16.00 horas do 20.10.2011)**

European Commission Employment, Social  
Affairs and Inclusion DG



Unit C.4- Employment Services,  
EURES – Call for proposalsVP/2011/006  
Central Courier Service  
Avenue du Bourget, 1  
1140 Evere (Belgium)

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a [empl-vp-2011-006@ec.europa.eu](mailto:empl-vp-2011-006@ec.europa.eu)
- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)



## ★ EMPRESA, INDUSTRIA E PEME



Convocatoria de propostas — DG ENTR nº 21/G/ENT/ERA/11/311A  
Erasmus para novos empresarios.

- **Descrición:** A presente convocatoria de propostas ten por **obxecto axudar aos novos empresarios da UE** a enriquecerse adquirindo experiencia, aprendendo e establecendo redes ao pasar unha tempada con empresarios experimentados nas súas empresas, situadas noutros Estados membros da UE.
- **Obxectivos:** O obxectivo xeral da acción preparatoria é **potenciar o espírito empresarial, a internacionalización e a competitividade de posibles novos empresarios e das microempresas e pequenas empresas** creadas recentemente na UE.

A actividade está dirixida a persoas que teñan intención de crear unha empresa e aos novos empresarios. A convocatoria favorecerá as accións destinadas a organizacións que reforcen e faciliten a mobilidade dos novos empresarios.

- **Solicitantes:** Calquera **entidade pública ou privada activa no ámbito do apoio ás empresas** pode responder a esta convocatoria de propostas. Poden participar, en particular:
  - as entidades públicas que sexan responsables en materia de asuntos económicos, empresa, apoio empresarial ou cuestións conexas ou que exerzan actividades nos devanditos ámbitos,
  - as cámaras de comercio e industria, as cámaras de oficios e os organismos similares,



- as organizacións de axuda ás empresas e os viveiros ou incubadoras de empresas,
- as asociacións empresariais e as redes de apoio ás empresas,
- as entidades públicas e privadas que ofrezan servizos de apoio ás empresas.

Os solicitantes poden presentarse de forma individual ou constituír un consorcio (asociación). Un consorcio debe estar formado por un mínimo de dúas entidades xurídicas independentes, procedentes dun mesmo Estado membro da UE ou de varios Estados membros.

Os solicitantes deben estar establecidos nun Estado membro da UE

- **Financiamento:** O orzamento total destinado ao cofinanciamento e proxectos ascende a **4 300 000 EUR**. A axuda financeira da Comisión non pasará o 90 % dos custos admisibles totais dun determinado proxecto. Ningunha subvención será superior a 180 000 EUR no caso das asociacións nin a 150 000 EUR no caso das solicitudes individuais. A duración máxima dos proxectos será de vinte e un meses.
- **Prazo:** As solicitudes deben enviarse á Comisión como moi tarde o **17 de outubro de 2011**.
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

**Enderezo para o envío postal ou por servizo de mensaxería**

European Commission

Enterprise and Industry Directorate-General

**Call for proposals No: 21/G/ENT/ERA/11/311A — Erasmus for Young Entrepreneurs**

Directorate E — Promotion of SMEs' competitiveness

Unit E.1 — Entrepreneurship

Office address: BREY 06/284

B-1049 Brussels, Belgium

**Entrega para a entrega en man**

European Commission

Enterprise and Industry Directorate-General

Call for proposals No.: 21/G/ENT/ERA/11/311A — Erasmus for Young Entrepreneurs

Directorate E — Promotion of SMEs' competitiveness

Unit E.1 — Entrepreneurship

Office address: BREY 06/284



**Service central de réception du courrier  
Avenue du Bourget, 1-3  
B-1140 Bruxelles, Belgique**

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico na [entr-erasmus-call@ec.europa.eu](mailto:entr-erasmus-call@ec.europa.eu)  
**Xornada Informativa:** [Formulario de Inscripción](#)
- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 311/24](#) do 31.08.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Programa de acción no ámbito da aprendizaxe permanente Erasmus](#)